

EscaparArte

(Segunda edición)

Festival de accións escénicas

Aula de Teatro da USC - Campus de Lugo

2025

BASES DE PARTICIPACIÓN

1 . PARTICIPANTES

Dirixido a calquera persoa que desenvolva o seu traballo no ámbito das artes escénicas (performance, danza, teatro, etc.)

Esta convocatoria está aberta a calquera persoa, aínda que terán prioridade as propostas emanadas da comunidade universitaria.

2 . OBXECTIVO DA PROPOSTA

Presentar accións escénicas en diversos escaparates de establecementos da cidade de Lugo, co obxecto de descentralizar os espazos artísticos tradicionais e ofrecer outros diferentes que propicien propostas innovadoras.

3 . OBRAS, *PERFORMANCE*, ACCIÓNS, INTERVENCIÓNS, INSTALACIÓNS...

A participación será a título individual ou por parellas. As persoas participantes poderán presentar un máximo de dúas propostas.

As propostas presentadas non poderán exceder os 20 minutos de duración salvo que a execución artística así o requira e estea debidamente xustificado.

4 . CRITERIOS DE SELECCIÓN

Valorarase ser membro da comunidade universitaria.

Valorarase a orixinalidade e viabilidade técnica do proxecto en relación aos espazos seleccionados.

5. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- Informe con fotografías da proposta, no que se desenvolva a idea, duración e necesidades técnicas dela.
- Vídeo da proposta (*ver nota*)
- Anexo I
- A documentación deberá enviarse ao endereço: area.cultura@usc.gal (calquera dúbida deberá ser dirixida a este endereço)

(Sobre o vídeo: Non é preciso presentar un vídeo ben acabado tecnicamente ou da peza completa; pode ser un fragmento significativo dela ou un ensaio, que tampouco é preciso gravar nun escaparate. Calquera dúbida posterior ao visionamento poderá ser consultada).

6. PRAZO DE INSCRICIÓN

O período de recepción de propostas vai do **10 de marzo ao 23 de marzo** do 2025.

A comunicación das propostas seleccionadas terá lugar o día **26 de marzo** do 2025.

O evento celebrarase o sábado 5 de abril do 2025 nos espazos seleccionados para a intervención, en horario de 12:00h a 14:00h.

7. ESPAZOS DISPOÑIBLES PARA INTERVIR

Todos os espazos encóntranse situados no núcleo histórico da cidade de Lugo.

No Anexo II encóntranse fotos dos escaparates para poder visualizar o espazo dispoñible e as súas posibilidades escénicas.

8. COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN

Os e as artistas comprométese a deixar o espazo intervido nas mesmas condicións que o encontraron. A reparación de calquera dano producido pola acción da proposta correrá a cargo do/a artista programado/a.

9. AXUDA ECONÓMICA

Co obxecto de cubrir os gastos ocasionados pola acción artística e os posibles traslados derivados dela, establécense dúas clases de axuda:

- a. 200 € (Impostos incluídos) para as propostas procedentes de fóra da cidade de Lugo
- b. 100 € (Impostos incluídos) para as propostas de residentes na cidade de Lugo
- c. Entregarase un diploma acreditativo a todas as persoas seleccionadas para a proposta.
- d. No caso de ser dúas persoas as integrantes da proposta a cuantía da axuda non varía.

EscaparArte

Festival de accións escénicas

Aula de Teatro da USC - Campus de Lugo

ANEXO I

Eu _____, con DNI/PASAPORTE
_____, correo electrónico _____ e número
de teléfono _____ presento a peza _____
_____.

Comprométome a cumprir coas bases e requisitos establecidos polo Festival de accións escénicas. Afirmo ter a autoría da peza que presento.

Autorizo a que a organización do Festival recolla audiovisualmente a proposta para compartila na súa *web* e nas súas redes sociais. A organización comprométese a enviarme de balde todos os arquivos visuais e sonoros recollidos da miña actuación.

_____, ____ de _____ de 2025.

ASDO.

EscaparArte

Festival de accións escénicas

Aula de Teatro da USC - Campus de Lugo

ANEXO II. OS ESPAZOS

- BIBLOS LUGO (Rúa Salvador de Madariaga, nº1, local 4, 27002, Lugo)
- LA VOZ DE LA VERDAD (Rúa Bispo Aguirre, 17, 27002, Lugo)
- CONFECCIONES GARCÍA (R. San Pedro, 58, 27001 Lugo)
- MALIZIA LENCERÍA (Pr. da Soidade, 1, 27001 Lugo)

Á espera das propostas recibidas irase informando doutros establecementos adheridos ao Festival.

ANEXO III. FOTOS DOS ESPAZOS

- BIBLOS (Rúa Salvador de Madariaga, nº1, local 4, 27002, Lugo)



- LA VOZ DE LA VERDAD (Rúa Bispo Aguirre, 17, 27002, Lugo)



- CONFECCIONES GARCÍA (R. San Pedro, 58, 27001 Lugo)



- MALIZIA LENCERÍA (Pr. da Soidade, 1, 27001 Lugo)

